

Estimados pai, nai, titor/a:

Seguindo a instrución conxunta 9/2017 da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos, pola que se dan instrucións sobre a saída do alumnado comunicámoslles o seguinte:

**Alumnos de 3º e 4º de Educación Primaria:**

O alumnado será recollido nas **cancelas exteriores do centro educativo polos seus país,nais ou titores legais** á hora da saída (13.55 h.) ou a hora fixada na comunicación correspondente a eventos concretos.

Os titores ou representantes legais poderán autorizar formalmente a outro adulto ou a un irmán que curse 5º ou 6º de Educación Primaria, Educación Secundaria, Formación Profesional ou Bacharelato a recoller aos pequenos, cubrindo una ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregándoa no centro educativo. Se son propios alumnos deste centro terán que esperar no exterior ata a apertura de portas correspondente.

Co fin de cumprir con estas instrucións e se os seus fillos non puideran ser recollidos por vostedes deberán entregar debidamente cuberta a autorización que achegamos con esta circular.

----- 0-----

Se o alumno participa nos CAMIÑOS ESCOLARES do Concello de Pontevedra poderán saír sós do colexio sempre que previamente fora entregada una autorización expresa dos seus responsables. Esta autorización eximirá expresamente á Consellería de Cultura , Educación e O.U., así como aos seus traballadores de calquera responsabilidade tanto na entrada como na saída do centro educativo.

Co fin de cumprir con estas instrucións e se os seus fillos non puideran ser recollidos por vostedes ou se desexan que fagan uso dos CAMIÑOS ESCOLARES, deberán entregar debidamente cuberta a autorización que achegamos con esta circular.

Reciban un cordial saúdo.

Pontevedra, 9 de setembro de 2020

Mª Aurora Cañizares Malagon

Directora do CEIP Alvarez Limeses





**AUTORIZACIÓN PARA A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO NOS CAMIÑOS ESCOLARES**

Don/Dona..... Coma pai, nai ou representante legal do/a alumno/a ..... matriculado nesta escola no curso....., autoriza ao mesmo/a a saír só/a do centro escolar por ser usuario/a dos “Camiños Escolares” promovido polo Concello de Pontevedra.

Eximindo á Consellería de Cultura, Educación e O.U., así como aos seus traballadores de calquera responsabilidade por danos ou lesións indemnizables que poida sufrir o alumno tanto na entrada como na saída do centro educativo.

Pontevedra, 10 de setembro de 202

Asdo:.....

DNI.....



**AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER A UN/A ALUMNO/A AO REMATE DO HORARIO ESCOLAR**

Don/Dona..... Coma pai, nai ou representante legal do/a alumno/a ..... matriculado nesta escola no curso.....

Autorizo a..... con DNI....., a recoller ao alumno/a antes citado/a no colexio.

Pontevedra, 10 de setembro de 2020

Asdo:.....

DNI.....